



DETRÁS DA CÁMARA: IMAXES DO OUTRO


Fotografía de Pedro A. López Suárez nos 60

Museo Etnolóxico - Ribadavia. Ourense
xullo e agosto de 2015



- No ano 1963 Pedro Alejandro López Suárez cumpre 18 anos, remata os seus estudos, inicia a súa vida laboral e a súa afección pola fotografía. Membro da Sociedade Fotográfica da Coruña de E. e D, nese mesmo ano acada o 1º e o 3º premio no Salón de Novelas de dita Sociedade, dando inicio a un elenco de galardóns entre os que destacamos os obtidos no II Salón Rexional Circulante, Foto do Mes da Sociedade Fotográfica da Coruña, Salón de Primaveira do Banco Hispano Americano e a Real Sociedad Fotográfica de Madrid, I Salón Ibérico e III Nacional da Agrupación Fotográfica de Compostela, III Concurso de Diapositivas Concello da Coruña, VII Concurso de Diapositivas Concello da Coruña... Fotografías da súa autoría ilustran tarxetas de Nadal, postais, calendarios... A necesidade daquel rapaz de 18 anos de optimizar o material fotográfico levárono a esforzarse por obter unha boa imaxe con cada disparo, dificultade acrecentada pola súa busca de temas na rúa. Precisamente isto último é o que hoxe fai do seu fondo unha fonte documental para achegarse á sociedade dos anos sesenta a través dunha lectura dende a Historia ou dende a Antropoloxía.

- A fotografía lida como documento histórico e/ou etnográfico permítenos un achegamento á sociedade, entendendo que a identificación do fotografado coa realidade non é tal xa que na súa creación interveñen multitude de elementos e factores.



Resulta necesario coñecer o contexto da súa produción e entendela como a consecuencia dun proceso de selección duns elementos en prexuízo doutros. A escolla dun tema, a adopción dun encadre ou enfoque... fálanos da visión do mundo do fotógrafo, condicionada polo seu contexto socioeconómico e polas súas motivacións persoais. En cada fotografía vemos o retratado (o mirado) e achegámonos ao autor desa imaxe.

Unha mirada próxima á dos integrantes das agrupacións fotográficas que nos anos 50 do século pasado proliferaron nas principais cidades galegas e que seguían activas na década seguinte, marcando as pautas e coordenadas visuais –estéticas e temáticas– da fotografía afeccionada do momento, ao tempo que eran receptoras das correntes fotográficas que se estaban a desenvolver no contexto internacional.

Xunto a unha fotografía influenciada polo costumismo téndese nos anos 1960 a imaxes que recollen con certa espontaneidade a vida cotiá das rúas, retratando as condicións de vida das clases populares dende unha postura máis estética que de denuncia social.

- Esta exposición propón unha achega á sociedade galega daqueles anos a través da mirada de Pedro A. López Suárez. As imaxes do mundo rural e da súa presenza no espazo urbano reflicten un universo alleo ao fotógrafo, que retrata o que coída diferente: as escenas campestres e os membros das clases populares que viven na cidade.



O fio condutor da súa escolma permite un achegamento a unha sociedade en transformación e, paralelamente, a visión de distintos actores das chamadas clases populares. O observador urbano imaxina e recrea o mundo rural. A década dos 60 do século XX (o «desarrollismo»), abre o foco do fotógrafo urbano á mestura dos cambios e permanencias propios da fonda transformación que Galicia experimenta nese período.



Aínda que os cambios son manifestos no ámbito urbano de Galicia, a cidade e as súas mudanzas non son a priori o obxecto preferencial da mirada do fotógrafo, máis atento a retratar aqueles elementos relacionados coa sociedade campesiña que aparece no mundo urbano. Pero o escenario urbano asoma trala realidade retratada: novos barrios, novas edificacións e volumes, novos materiais construtivos. Tamén tipos e figuras sociais emerxentes na cidade.



As fotografías tomadas no agro poñen o foco no que semella continuidade da sociedade campesiña: reliquias da economía autárquica, mostras do policultivo, man de obra familiar nas tarefas agrícolas, a «casa» aldeá como emblema do grupo doméstico... non obstante, e a través do que non aparece nas fotografías podemos imaxinar un mundo sumido na mudanza que adapta a un novo marco as vellas estruturas, nun momento de reactivación e reorientación (cara ás cidades e cara a Europa) do éxodo rural, o que favorece o comezo dun proceso de envellecemento da poboación.



Paralelamente, a súa mirada pousase na vida cotiá da cidade, que medra coa industrialización e que se nutre de xentes procedentes do campo, saturado de poboación e cunhas estruturas incapaces de xestionar as innovacións técnicas que Mercado e Estado tratan de impoñer.



Os efectivos sobrantes chegan á cidade para traballaren en industrias e servizos, fixando a súa residencia en áreas residenciais periurbanas cunha economía simbiótica, que conxuga a proletarización na cidade co cultivo de cativas hortas e leiras na súa contorna.

Retrata Pedro A. López Suárez aquí unha realidade social marcada por desigualdades sociais, desequilibrios e ata pobreza, visualmente reflectidos nalgunhas imaxes de xente maior, de mulleres e de rapaces. Estamos na década de inicio do Plan de Estabilización (1959), momento que o autor retrata conxugando os desaxustes sociais co optimismo dunha década denominada o “Milagre económico español”.

Comisariado: **Sergio Pereira**

Coordinación: **Xosé Carlos Sierra Rodríguez** e **César Llana**

Bibliografía e documentación: **Rosa Lamas Casado**

Conservación preventiva: **María José Ruíz Vázquez**

© das imaxes: **Pedro A. López Suárez**

© dos textos: **Sergio Pereira**, **Xosé Carlos Sierra Rodríguez** e **César Llana**

© da presente edición: **Xunta de Galicia**



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



**Museo Etnolóxico
de Ribadavia**



**Asociación de Amigos do
Museo Etnolóxico e do Conxunto Histórico
de Ribadavia**

galicia